

A evolución ideolóxica de Manuel Lugrís Freire

Manuel Lugrís Freire and his ideological evolution

Xabier CAMPOS VILLAR

IES Rosalía de Castro (Compostela)
xcampos@edu.xunta.es

[Recibido, novembro 2006; aceptado, decembro 2006]

RESUMO

Estudo sobre a evolución ideolóxica do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2006, Manuel Lugrís Freire, no que se mostra a relación deste autor con todos os movementos de carácter galeguista do último terzo do século XIX e primeiro terzo do século XX (rexionalismo, agrarismo e nacionalismo) dende un punto de vista republicano e de esquerdas.

PALABRAS CHAVE: Galeguismo, rexionalismo, agrarismo, nacionalismo, ideoloxía política, Irmandades da Fala, Liga Gallega, Solidaridad Gallega, Estatuto de Autonomía, Partido Galeguista.

CAMPOS VILLAR, X. (2007): "A evolución ideolóxica de Manuel Lugrís Freire". *Madrygal (Madr.)*, 10: 45-53.

RESUMEN

Estudio sobre la evolución ideológica del autor homenajeado en el Día das Letras Galegas 2006, Manuel Lugrís Freire, en el que se muestra la relación de este autor con todos los movimientos de carácter galleguista del último tercio del siglo XIX y primer tercio del siglo XX (regionalismo, agrarismo y nacionalismo) desde un punto de vista republicano y de izquierdas.

PALABRAS CLAVE: Galleguismo, regionalismo, agrarismo, nacionalismo, ideología política, Irmandades da Fala, Liga Gallega, Solidaridad Gallega, Estatuto de Autonomía, Partido Galeguista.

CAMPOS VILLAR, X. (2007): "La evolución ideológica de Manuel Lugrís Freire". *Madrygal (Madr.)*, 10: 45-53.

ABSTRACT

This paper deals with the ideological evolution of Manuel Lugrís Freire, author to whom has been dedicated the Galician Literature Day in 2006. In the present paper we are focused on Lugrís's relation to those pro-galeguist movements developed during the last three decades of XIXth century and the first three decades of XXth century (i.e., regionalism, agrarism and nationalism), from both a republican and left-handed perspective.

KEY WORDS: Galeguism, regionalism, agrarism, nationalism, political ideology, *Irmandades da Fala*, *Solidaridad Gallega*, Statute of Autonomy, Galeguist Party.

CAMPOS VILLAR, X. (2007): "Manuel Lugrís Freire and his ideological evolution". *Madrygal (Madr.)*, 10: 45-53.

Os setenta e sete anos que viviu Manuel Lugrís Freire entre 1863 e 1940 coincidiron cunha época de profundas convulsións políticas. Así, facendo un sintético percorrido pola historia daquel tempo, vemos que coñeceu de neno os derradeiros anos do reinado isabelino, a revolución de setembro coa que comezou o “Sexenio Revolucionario” (1868–1974) que trouxo unha nova dinastía á Corte española, a de Savoia, co efémero reinado de Amadeo I. A seguir, o curto período republicano e a posterior restauración borbónica na figura de Alfonso XII, a rexencia de María Cristina e o reinado de Alfonso XIII. Tamén coñeceu Lugrís en vida dous períodos ditatoriais, o de Primo de Rivera entre o 1923 e o 1930 e os comezos do franquismo. Ademais doutros dous republicanos: a I.^a e a II.^a República Española. Coincidiu coas guerras que afectaron ao Estado Español: a de Cuba, cando acababa de chegar da emigración na illa, e a Guerra Civil, pouco antes de morrer. O que pretendemos nestas páxinas é facer unha sucinta análise da evolución ideolóxica do autor de Sada acudindo á súa obra literaria e tamén a diversos textos doutra natureza que chegaron ata nós a través da prensa da época, artigos de opinión e entrevistas que non foron aínda compilados nun volume que facilitaría calquera achega investigadora a tan importante figura, síntese de setenta anos da nosa historia.

Dentro do proceso de formación do ideario galeguista, cando naceu Lugrís Freire xa esmorecera o provincialismo e comezaba a dar os primeiros pasos o rexionalismo, coincidindo xustamente o seu nacemento coa data fundacional do Rexurdimento, o 1863. Como veremos neste artigo, Lugrís participou activamente no rexionalismo, nunha liña moi próxima a Murguía, e asistiu tamén á aparición e á consolidación doutros dous movementos ideolóxicos de carácter galeguista: o agrarismo e o nacionalismo.

Os problemas económicos familiares provocaron que o autor de Sada comezase a traballar moi novo, co que non chegou a completar a súa formación académica. Unha circunstancia vital deixará pegada na súa traxectoria: a emigración a

Cuba con tan só vinte anos. Na Habana entrou en contacto coa intelectualidade galeguista, nomeadamente con Waldo Álvarez Insua, quen o introduciu no traballo xornalístico a través das páxinas de *El Eco de Galicia*, que el mesmo dirixía. Unha vez que asentou na illa e publicou no antedito medio os primeiros textos literarios, algún deles tan elocuentes como o poema “Eu son gallego!”¹, no 1885 fundou a primeira publicación en galego de América, *A gaita gallega*, con Chumín de Céltegos, pseudónimo de Ramón Armada Teijeiro. Nesta revista destacaban os artigos de carácter patriótico, case sempre da súa autoría, así como a defensa da lingua e literatura galegas como motores de rexeneración do país. Tamén na Habana coñeceu a Manuel Curros Enríquez, que lle chegou a prologar o poemario *Soidades*² cunha carta na que o autor de *Aires da miña terra* se amosa admirado pola tarefa divulgativa e dignificadora da lingua, cultura e historia de Galiza que Lugrís estaba desenvolvendo na capital cubana.

No 1896, ao regresar da emigración, instalouse na Coruña e participou na *Cova Céltica*, onde coincidiu con Manuel Murguía, Florencio Vaamonde Lores, Eduardo Pondal, Uxío Carré Aldao, Andrés Martínez Salazar, Salvador Golpe, Manuel Banet Fontenla, Galo Salinas, Evaristo Martelo Paumán e Francisco Tettamancy, un faladoiro que el considerou de suma importancia na súa formación:

Aquela Cova foi a miña universidade libre, a inesquecente e sagra escola en que puliron e nidaron os meus coñecimentos; en que se afinaron, —en bases firmes e permanentes porque estaban moi curadas—. Nun perfecto coñecemento do noso pasado e nas leises que rixen a vida- o meu amor e a miña decisión a favor da patria dos galegos³.

A *Cova Céltica* non só lle influíu nunha determinada orientación ideolóxica, senón que tamén o levou a participar nas iniciativas que dende alí se promoveron. Así, no 1897 tomou parte Lugrís Freire na creación da Liga Gallega, da que foi secretario no 1897 e presidente anos máis tarde. Redactou, conxuntamente con Uxío Carré e

¹ Publicado no número 112 de *El Eco de Galicia*, correspondente ao 17 de agosto de 1884. Nese poema defínese como galego e acode aos tópicos de beleza da paisaxe, fermosura do idioma, bondade das xentes, etc. Lembra, ademais, numerosos personaxes históricos de orixe galega. Sitúase neste poema nunha liña moi próxima ao relato “Os primeiros versos” (publicado n° *O Galiciano*, Parola 86, 15 de maio de 1886), no que evocaba os seus comezos na escrita en galego.

² A Habana: Imprenta do Avisador Comercial, Amargura, 30, 1894.

³ “Das feitura do bardo”, discurso fragmentario que se conserva manuscrito nos fondos da RAG e que foi incluído na edición de *Queixumes dos pinos* publicada pola Academia no 1935.

Salvador Golpe, o “Regramento da Sociedade Liga Gallega na Cruña”⁴, no que, entre outras medidas que afectaban ao funcionamento interno da sociedade, establececiase:

Artículo 1.º O ouxeto da Liga Gallega na Cruña é a defensa dos intereses moraes, materiaes, políticos, económicos e sociaes de Galicia.

Art. 2.º Pra os fins que persigue esta asociación utilizaranse tódolos medios lícitos de propaganda e defensa.

Art. 3.º Inda que a Liga ten por idioma social o galego, poderá facer uso nas súas discusións, actas e escritos, indistintamente do galego ou do castelán.

Art. 4.º Nesta sociedade non se permitirán controversias en materias relixiosas.

Art. 5.º Pra ser socio necesítase ser nado ou oriundo de Galicia, ter vinte anos, polo menos, e estar identificado cos fins desta asociación.

Tamén poderán ser admitidos como socios os residentes en Galicia que, sin seren gallegos, teñen demostrado o seu amor e interés polo adianto da terra gallega.

Era esta, a de 1897, a segunda tentativa rexionalista, despois do fracasado intento de crear unha asociación similar no 1895. Este proxecto, que acollía maioritariamente a intelectuais desvenceillados dos sectores do comercio e da industria, semellou callar nos momentos iniciais, mesmo logrou o apoio unánime das distintas Ligas que foron xurdindo por todo o territorio galego á campaña “Autonomía para Galicia”, un movemento de reivindicación autonomista aproveitando a coincidencia no tempo coa promulgación dos decretos de Autonomía para Cuba e Porto Rico. De todos xeitos, os resultados prácticos foron máis ben escasos debido a que a Liga Gallega non chegou a presentar candidaturas a ningunha convocatoria electoral. Pasado un tempo, a Liga de Santiago afastouse progresivamente ata que se produciu a ruptura, e mesmo o enfrontamento entre a Liga coruñesa e Alfredo Brañas no 1898⁵, que reflectía as distancias entre o liberalismo progresista de Murguía e o tradicionalismo católico de Brañas. Malia contemplar na causa cubana un

espello no que nos mirar, é Lugrís perfectamente consciente da negativa presenza dos Estados Unidos nesa guerra de descolonización. A este respecto, é representativo o seguinte poema publicado na *Revista Gallega* a finais de febreiro de 1898:

A LOITAR!

Gallegos, temos guerra
cun pobo de piratas;
cun pobo que se esquece
que eisiste a nobre raza
que ten do celta o empuxe,
do suevo a forza brava,
e sempre da vitoria
loureiros deu á España...
¡Gallegos, afiade eses coitelos
para matar canallas!

A proteición dos yánquis
aos cafres das sabanas,
custounos moito sangue
e bágoas moi amargas...
Os fillos de Galicia
mortos alí, recraman
dos celtas fazañosos
unha exemprar vinganza
¡Gallegos, afiade eses coitelos
para matar canallas!

A loita dende o ceo
aos nosos heroes chaman,
as somas dos Nodales,
as de Gamboa e Lángara.
O noso esforzo pide
a nai, a nobre España;
o mundo inteiro espera
do celta outras fazañas...
¡Gallegos, afiade eses coitelos
para matar canallas!

A contundencia e a belixerancia que manifesta no anterior poema verase atenuada co tempo ata chegar a entender plenamente aquela loita descolonizadora. Así, nunha conferencia pronunciada o 21 de decembro de 1907 no “Circo de Artesanos” da Coruña baixo o título de “La tolerancia y los nuevos ideales”⁶ fai as seguintes con-

⁴ Que podemos ver na súa integridade na *Revista Gallega (Semanao de Literatura e intereses regionales)*, n.º 141, 21 de novembro de 1897, pp. 1-4.

⁵ Vid. os artigos cos que se abre o número 194 da *Revista Gallega* e a posterior réplica de Alfredo Brañas no número seguinte, correspondente ao 4 de decembro de 1898. Segundo recoñece Ramón Villares en *A historia* (Vigo: Galaxia. col. “Biblioteca da cultura galega, n.º 3, 1995, p. 205) “o enfrontamento entre as dúas tendencias rexionalistas produciuse pola publicación do manifesto *Laboremus* dirixido a D. Carlos de Borbón, que supoñía a “decantación de Brañas cara ó carlismo”.

⁶ *A Nosa Terra*, n.º 20, 28 de decembro de 1907, pp. 1-2.

sideracións con respecto á independencia de Cuba e Filipinas:

no ha sido cruento porque no afectaba al cuerpo vivo e inmortal de la nacionalidad (...) nuestra *masa* opinaba del mismo modo que aquel gran hombre, Pío Margall, que en aquellos días fue motejado de mal español, resultando después que era el único político que había mejor interpretado el verdadero patriotismo (...) Cuba y Filipinas se han perdido felizmente para España. El día de la separación debe señalarse con piedra blanca, porque fue el último de la más cruenta servidumbre a que estaba sujeta nuestra trabajadora juventud; porque entonces terminaron los odios, que parecían implacables, entre cubanos y españoles, y abrió paso al bendito sol de la fraternidad.

Tamén critica nesta mesma conferencia a acción do goberno por ir encamiñada ao “sostenimiento del tinglado tradicional y al afianzamiento del centralismo, que es la negación de las libertades colectivas”. Remata, ademais, censurando o ensino tradicional da historia en España por entender a guerra como un elemento de transformación social e de progreso.

Dende a Liga Gallega promoveuse unha homenaxe e a construción dun monumento aos Mártires de Carral, unha iniciativa acollida con entusiasmo por Manuel Lugrís, como podemos comprobar no artigo “Os mártires de Carral”⁷, onde compara os protagonistas do movemento provincialista con Viriato, Guillermo Tell, Juana de Arco, María Pita, Espartaco, Pardo de Cela e Padilla, ademais de consideralos “mártires que, respondendo a un sentimento de liberdade, loitan e morren por tronzar os grilóns que os déspotas de tódolos tempos puxeron aos seus semellantes”. Na banda oposta a estes heroes estarían “Alexandre, César, Atila, Napoleón e outros, que foron un castigo da humanidade”. Coincide esta inclusión de Napoleón entre os tiranos co expresado no relato “Pola Patria. Episodio da Guerra da independencia en Galicia”⁸, no que predomina unha visión negativa do proxecto imperial napoleónico que contrasta co que afirmará, uns anos despois, por boca do narrador do conto titulado “O francés”⁹.

Tiña por alcume *A Francesa*, porque era neta dun dos cen mil fillos de San Luís, que desertara do exército do duque de Angulema, que aló polo ano de 1823 viñeran a España a implantar o goberno ausolutista, ou ó que é o mesmo, a desfacer a obra de liberdade que fixeran os soldados de Napoleón quince anos dinantes. Como por estas terras sempre facemos as cousas ó rivés botamos chispas contra dos primeiros invasores, mais nada dicimos contra dos que viñeron o ano 23, porque eses si que merecían ben as reprimendas das almas nobres e libres.

Outro herdo directo de Murguía e da *Cova Céltica* foi a procura do vencellamento histórico, étnico e lingüístico de Galiza e Portugal, que Lugrís manifestou en numerosas ocasións ao longo da súa traxectoria¹⁰. Así, con motivo dunha visita de estudantes da Universidade de Coimbra, escribe unha nota titulada “Portugal e Galicia”¹¹ na que, ademais de lembrar as afinidades entre as dúas beiras do Miño e solicitar a adhesión dos universitarios á causa rexionalista, fai este claro alegato en defensa do iberismo:

Erros dos homes impediron unha axuntanza que tan proveitosa sería para todos, mais non lograron arrincar das nosas almas unha aspiración tan natural, nobre e lexítima (...) Poden ser dúas nacións libres dentro dunha Iberia libre. Despois os acontecementos axuntarían o que só debe ser unha nacionalidade xa que de feito é unha entidade étnica.

O *rexionalismo* ten no seu programa medios dabondo para dar vida a ese grande estado Ibérico en que soñan tódolos peninsulares do bon corazón.

Obviamente, un dos grandes obxectivos do antedito faladoiro coruñés era a difusión do celtismo, unhas orixes míticas para o pobo galego que Lugrís asumiu na súa totalidade e que se encargou de divulgar, quer na súa obra de creación quer na súa actividade xornalística e oratoria. Así, comezando pola obra literaria, observamos que o celtismo deixou pegada nalgúns poemas de *Noitebras* e *Versos de loita*, así como no relato “Lenda de Brigo”¹². Seguindo coa oratoria, parécenos desta-

⁷ *Revista Gallega*, n.º 163, 24 de abril de 1898, p. 2.

⁸ *Ibidem*, n.º 164, 1 de maio de 1898, p. 5. Reproducido tamén en *El Eco de Galicia* de Bos Aires, n.º 240, 20 de xuño de 1898.

⁹ *A Nosa Terra*, n.º 40, 27 de maio de 1908, p. 7. Tamén se reproduciu na revista *Mondoñedo* ese mesmo ano.

¹⁰ Tamén é representativa da súa relación con Portugal a intervención nun acto de homenaxe a Camões celebrado o 27 de novembro de 1924 e recollido no *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 166, 1 de decembro de 1924, pp. 258–272. Ademais, cómpre citar ao respecto o artigo “Encol do centenario de Camões”, publicado co pseudónimo de Asieumedre n.º *A Nosa Terra*, n.º 208, 1 de xaneiro de 1925, p. 4, e o relato “A espada do fidalgo”, *A Nosa Terra*, n.º 25, 4 de febreiro de 1908, p. 5.

¹¹ *Revista Gallega*, n.º 152, 6 de febreiro de 1898.

¹² Publicado por primeira vez n.º *A Nosa Terra*, n.º 202, 1 de xullo de 1924, p. 4. Reproducido posteriormente como “Apéndice en prosa” do poemario *Ardencias*.

cábel o discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos o 20 de novembro de 1923 que versaba sobre a figura de Eduardo Pondal¹³, así como a conferencia pronunciada o 16 de marzo de 1923 baixo o título de “Unha leición d’etnografía”¹⁴, na que afirma o seguinte:

A raza galega é predominantemente celta. As tradicións, a toponimia, o carácter diferencial entre o home e a muller, que reconece nesta unha superioridade real sobre as mulleres doutras razas, e aínda sobre os varós seus irmás; os moimentos de que está inzada a terra galega, tales como castros, mámoas ou medorras, pedras xudiciarias, mensaos, etc., e mil sinais máis estudadas e reconecidas por todos, demostran que o fondo do noso pobo é sinxelamente celta. Pertencemos, pois, a unha raza que pola súa historia e polos homes de altísimo saber que deu ao mundo, podemos chamarla “a aristocracia das razas xaféticas”

Dende a *Cova Céltica* víase que o teatro podía ser un bo medio para concienciar e aleccionar, debido, entre outras razóns, ao contacto directo co auditorio e aos elevados índices de analfabetismo da nosa sociedade naquel tempo, que impedirían unha ampla difusión de calquera ideoloxía a través do libro. Deste xeito, dende o faladoiro que presidía Murguía apoiouse a creación da Escola Rexional de Declamación¹⁵. A partir de xuño de 1903 Lugo dirixiu a Escola e impulsou un teatro crítico coas inxustizas sociais cunha función adoutrinadora. Para a representación na Escola Rexional escribiu tres obras: *A ponte*¹⁶, *Minia*¹⁷ e *Mareiras*¹⁸, das que as dúas primeiras constitúen alegatos anticaciquís que rematan co asasinato dos culpábeis a mans das súas vítimas, nunha clara defensa da xustiza pola man.

Esta loita contra o cacique está intimamente vencellada a Solidaridad Gallega, o segundo proxecto político de Lugo, que se fundou no 1907 unha vez esvaída a Liga Gallega. Foi o autor que estudiamos un dos corenta e catro asinantes do

“Manifesto Solidario”, redactado por Rodrigo Sanz, no que se definía que o obxectivo prioritario da organización era mover a cidadanía á participación política, educar o electorado e loitar contra o caciquismo. Pretendían os “solidarios” impulsar o desenvolvemento das rexións e loitar contra o centralismo dende sectores ideolóxicos ben heteroxéneos. Con respecto a esta organización agrarista, teñen manifestado Xusto G. Beramendi e X. M. Núñez Seixas¹⁹ o que segue:

malia resultar un completo fracaso electoral, permitiu aos rexionalistas achegarse a unha das problemáticas básicas da Galicia do seu tempo, mantense politicamente activo no nivel local, arraizan nalgunhas vilas e forxan unha serie de líderes máis versados no activismo político, tales como Lugo Freire ou o mesmo Rodrigo Sanz, que servirán de ponte cara ao rexurdir galeguista de 1916.

Ramón Villares²⁰ entende a Solidaridad como un medio de participación política no marco do “turno pacífico” entre conservadores e progresistas imposto nos tempos da Restauración e afirma que

A base social que nutre esta organización é, xeográficamente, coruñesa ou dos seus arredores, e, socialmente, trátase dunha mesocracia que aspira a participar no poder a través de medios políticos distintos ó “sistema turnante”.

Vencellada a Solidaridad Gallega está a revista *A Nosa Terra*, que neste período é a súa voceira. A través das páxinas deste semanario pódese ver a activa participación de Lugo en numerosos mitins, con discursos semellantes a aquel de Betanzos²¹, pronunciado o 6 de outubro de 1907, que pasou á historia por ser o primeiro discurso político en galego, ao que asistiron, segundo os medios do momento, máis de sete mil persoas. Todos estes actos e mobilizacións sociais foron moi importantes para crear unha imaxe positiva

¹³ Dado a coñecer parcialmente no volume *Iconografía pondaliá*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Gallega, 1965.

¹⁴ Estaba organizada pola “Seición de Cultura e Fala” da Irmandade da Fala coruñesa e publicouse n’ *A Nosa Terra*, n.º 182, 1 de abril de 1923, pp. 1-4.

¹⁵ Para máis información sobre as actividades da Escola Rexional de Declamación vid. *Textos e contextos do teatro galego 1671-1936*, Compostela: Laivento, col. “Ensaio”, 1994, pp. 48-57.

¹⁶ A Coruña: Tipografía La Constancia, 1903.

¹⁷ A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1905.

¹⁸ A Coruña: Imprenta y Fotograbado de Ferrer, 1904.

¹⁹ *O nacionalismo galego*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, n.º 18, 1996, p. 67.

²⁰ *A historia*, Vigo: Galaxia, col. “Biblioteca da cultura galega”, n.º 3, 1995, p. 206.

²¹ O texto do discurso permaneceu durante case un século unicamente publicado nas páxinas d’ *A Nosa Terra* (número 11, 19 outubro 1907, pp. 4-5). Durante o ano 2006 reproducíuse o texto en varias publicacións que antologaban ou escolmaban textos lugrisianos. Ademais, a RAG organizou un acto no propio lugar orixinal de celebración do mitin para lembrar a efeméride.

do movement agrarista e, na opinión de Miguel Cabo Villaverde²², conduciron o galeguismo

ao primeiro baño de masas, superando o punto morto do academicismo murguián (ruptura que personifica mellor que ningún outro Lugo Freire), adquire experiencia no activismo político e gañan peso os compoñentes máis democráticos e republicanos dentro do seu universo.

No 1908, ligado a Solidaridad Gallega publicou a primeira edición dos *Contos de Asieumedre*²³, cun prólogo titulado “¡Xuntanza!” que constitúe un alegato anticaciquil e un chamamento á unidade dos labregos para se enfrontaren democraticamente aos caciques, “coa lei nas mentes e sin medo no peito, conquistade o voso auntamento a votos, elixindo concexales...”. É ese o ton xeral desta colección de contos, a defensa da liberdade e da xustiza para a grande masa do pobo galego, consciente de que o caciquismo constitúe “a verdadeira rede, na que, como mosca na tea de araña, está colleito o noso sufrido labrego”²⁴.

É no libro *Galicia ante la solidaridad*²⁵ onde Lugo expresa máis nidiamente a súa opinión sobre Solidaridad Gallega e sobre o ideario político da sociedade galega da primeira década do século XX. Nesa entrevista que lle realiza Eugenio López Aydillo declara que

La Solidaridad proclama la libertad de las regiones para administrar sus particulares intereses (...) representa la unidad en la variedad (...) contra esa teoría absurda de la uniformidad.

Acode á época dos irmandiños e á guerra contra os franceses para manifestar que a xente galega “es propicia para todo movimiento de asociación o de mutua defensa”. Despois de rexeitar o separatismo, opina que o rexionalismo é un

régimen de libertad que tiene por objecto instaurar el principio natural de la variedad en la unidad, reconociendo la personalidad de las regiones dentro del Estado y proclamando el derecho que tienen de regir por si mismas sus particulares intereses.

Despois destes intensos comezos de centuria, haberá que agardar ata o 1916 para termos novamente a Lugo entre os participantes dun acontecemento político-cultural de grande relevancia: a fundación na Coruña da primeira “Hirmandade de amigos da Fala Gallega”. Dende aquel 18 de maio apoiou sen fisuras o emerxer do nacionalismo e mesmo compuxo o que foi o himno²⁶ orixinario das Irmandades da Fala, que reproducimos de seguido:

Na fala gallega vive
a ialma da nosa terra;
a redención de Galicia
nos seus acentos latexa.

Pobo que o seu verbo esquece
é traidor á natureza;
como irmáns todos falemos
a nobre fala gallega.

Esta importancia da lingua na definición da identidade galega, á que tantas veces acode no seu labor literario, oratorio e xornalístico, exprésaa tamén no prólogo inicial da *Gramática do Idioma Galego*²⁷, no que, ademais de recoñecer a utilidade e necesidade da obra, afirma

Teño a seguranza de que a fala gallega —máis que a raza, máis que o propio chan—é o refrexo da nosa alma, o factor estático máis esgrevio, o espello do noso ethnos, a hostia sagra coa que os “bos e xenerosos” comungarán decote no altar da Terra, coa cobiza de a ver grande e libre.

A chegada de Primo de Rivera ao poder foi acollida por amplos sectores do nacionalismo galego con certas esperanzas debido ás promesas descentralizadoras coas que se presentaba, pero, a medida que se instala no poder, que impón a censura e limita as liberdades políticas, esa ilusión inicial decaeu. É este un tempo no que Lugo recibe en carne propia as críticas das xeracións máis novas, encabezadas por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro²⁸, que non vían nos “vellos”, entre os que o autor de Sada estaba incluído, a

²² *O agrarismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, n.º 16, 1998, p. 65.

²³ A Coruña: Tipografía Litografía Lorman, 1908.

²⁴ “Volve por outra”, publicado por primeira vez en *A Nosa Terra*, n.º 12, 26 de outubro de 1907, p. 5.

²⁵ Eugenio López Aydillo, Madrid: 1907, p. 197. Entrevista reproducida n.º *A Nosa Terra*, n.º 21, 4 de xaneiro de 1908, pp. 1-2.

²⁶ Publicado por José Antonio Durán en “O Vello”, nacionalista molesto”, en *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 27 de novembro de 1994, p. VI.

²⁷ Reeditada, corrixida e aumentada no 1931, A Coruña: Imprenta Moret.

²⁸ *Vid.* Manuel Antonio, *Correspondencia*, edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell, Vigo: Galaxia, 1979. Entre as páxinas 145 e 198 inclúense varias cartas nas que se critica abertamente a Manuel Lugo Freire e a varios compañeiros de xeración, identificados como “os vellos”.

capacidade de transformación social que Galiza precisaba. Con todo, Lugo segue firme nas súas conviccións, e mesmo se atreve a definirse como un “home de esquerdas”²⁹:

Eu, home das esquerdas, tamén son cosmopolita, mais somente no senso xurídico; quero dicir, que a xusticia, a liberdade de tódolos homes, o respecto a tódolos lexítimos dereitos, o recoñecemento da dinidade humana, non debe ter fronteiras nin límites.

Manifesta, ademais, a súa esperanza de que a difícil situación pola que atravesamos o nacionalismo galego nestes anos de ditadura sirva para un futuro mellor, tal e como expresa no breve artigo “Axiña”³⁰:

Non é certo que o ideal galeguista teña sufrido nos días dagoa ningunha aminoración. Pola contra, nunca tan fortemente viviron nas nosas almas as redentoras arelas. Canto máis tempo estea acubillada a semente, rexurdirá con forza asoballante a nova floración, que sorprenderá ás persoas que só xusgan as cousas polas manifestacións exteriores.

Os tempos que vivimos sirvieron certamente para limparen os nosos valores. Son unha peneira que deixou pasar o froito nobre de consagración, e contivo as materias estranas e toscas, que foron guindadas á esterqueira das cousas desleigadas. Somentes nas grandes tempestades son recoñecidos os bos nautas. A maneira que hoxe se fai sentir na España está facendo un traballo de limpeza naqueles campos que nunca foron do agrado dos políticos centralistas.

Eses momentos gloriosos que presaxiaba Lugo chegan no 1931 coa proclamación da II.^a República Española, cando aínda permanecía viva na súa memoria a anterior etapa republicana, que vivira con dez anos e da que deixara a súa visión no relato titulado “Tiña razón!”³¹. Esa ilusión inicial decae ao comprobar que as teses federalistas non son atendidas na súa totalidade, como podemos comprobar nas seguintes afirmacións:

Xa temos a república de traballadores de tódolos xeitos, según a define a nova constitución que agora se discute no Congreso; o que non temos é a república federal que tódolos partidos republicanos ofrecían na oposición. Esta circunstancia foi

furtada para transixir coa opinión centralizadora, que aínda ten, e coido que seguirá tendo, moitos partidarios entre os que negan a realidade da xeografía, da historia e das necesidades económicas das nacionalidades hispánicas³².

Liñas máis abaixo, ademais de expresar a súa confianza na xuventude galega formada no Seminario de Estudos Galegos e de recoñecer os “grandes e doorosos” atrancos que haberá neste camiño, dá as pautas a seguir para acadar os obxectivos marcados polo nacionalismo galego deste xeito:

Agora chega o turno para Galicia. A esmola da liberdade que logremos non debemos rechazala. Ela debe ser o alicerce da nosa reivindicación, pola que traballaremos sin acougo hasta logramos todo aquilo a que temos dereito e que tan fortemente vive no corazón dos bos galegos.

Hai que facer axiña unha organización *nacionista* (*sic*), en que queipan tódolos espíritos intelixentes, encamiñada por vieiros de comprensión moderna; de fraternidade hispánica, de aloumiñamento para os nosos irmás dalende o Miño, de tal xeito que primeiramente atendamos aos intereses particulares de Galicia sin esquecer os altos destinos a que pola lingua e pola historia estamos chamados.

Lugo conservou esa vocación de traballo e de iniciativa política ata os últimos anos. Mesmo na década dos trinta, cando xa fixera os setenta anos, participou na Federación Republicana Gallega e no Partido Autonomista Republicano Agrario. Foi o principal promotor da integración deste partido no nacente Partido Galeguista, do que redactou os primeiros estatutos. Xa como cabeza visíbel do novo partido que aglutinaba o nacionalismo galego, tivo unha destacada participación nas sucesivas asembleas até o punto de ser proposto como candidato a encabezar unha das listas provinciais nas eleccións ás cortes republicanas, ofrecemento que el rexeitou por razóns de idade, deixándolle o lugar a Ramón Suárez Picallo, que resultou elixido deputado. Esa renuncia á posibilidade de ser deputado en Madrid non significou o abandono da vida pública por parte de Lugo, máis ben ao contrario, xa que foi un activo redactor do Anteproxecto de

²⁹ Recollido da conferencia “Unha lección de etnografía”, *vid.* nota 14.

³⁰ *A Nosa Terra*, n.º 203, 25 xullo 1924, p. 2.

³¹ *Ibidem* n.º 28, 26 de febreiro de 1908, p. 5.

³² “O momento de Galicia”, *Ibidem*, n.º 289, 1 de novembro de 1931, p. 2.

Estatuto de Autonomía, traballando man a man con Alexandre Bóveda, e tamén do definitivo Estatuto de 1936, ademais de participar, na medida en que a súa feble saúde llo permitía, en mitins para pedir o voto afirmativo no plebiscito popular de xuño de 1936. Respecto á súa participación no referendo estatutario cóntase que

Lugrís acudiu ao colexio electoral acompañado de varios membros das Mocidades Galeguistas e que, despois de votar, afirmaba entre bágoas de emoción que xa podía morrer tranquilo porque xa fixera o traballo da súa vida. Unha mostra máis dentro dunha vida dedicada plenamente á causa galeguista.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- A Gaita Gallega. Edición facsimilar* estudio introductorio de Natalia Regueiro (1999): Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- ÁLVAREZ LOZANO, Manuela (1996): “A crise finisecular”, en *Historia da literatura galega*, vol. II, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, pp. 481–512.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (1998): *O agrarismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, n.º 16.
- CAMPOS VILLAR, Xabier (2002): “A pseudonimia en Manuel Lugrís Freire” en Ramón Lorenzo Vázquez (ed.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela / Facultade de Filoloxía, pp. 61-71.
- (2004): “A relación de Curros con Lugrís Freire: entre a amizade e a admiración” en Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajés Marcote (eds.), *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo”*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Base, pp. 53-63, tomo II.
- (2006): *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 2000.
- (2006): ‘*Diccionario*’ *Manuel Lugrís Freire*. Santa Comba – A Coruña: tresCtres, col. Letras dous mil...6.
- (2006): *Lugrís Freire, unha biografía*. Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas.
- (2006): *Antoloxía. Manuel Lugrís Freire*. Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas.
- CARRÉ, Leandro (1963): “El centenario de D. Manuel Lugrís Freire”, *La Voz de Galicia*, 23 enero 1963.
- “Apontamentos para a historia do teatro galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 235-240, pp. 213-224.
- FERNÁNDEZ COSTAS, Xosé Manuel (2006): *Manuel Lugrís Freire: A fe na causa*. A Coruña, Baía Edicións, col. Retallos da nosa historia.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón e Francisco Pillado Mayor (1996): “A poesía e o teatro interseculares”, en *Historia da literatura galega*, vol II, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura.
- GONZÁLEZ BERAMENDI, Xusto e Xosé Manuel NÚÑEZ SEIXAS (1996): *O nacionalismo galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historia de Galicia, n.º 18.
- LUGRÍS RODRÍGUEZ, Manuel (1990): “Meu avô Lugrís Freire”, en *Agália*, n.º 23, outono, pp. 319–323.
- NEIRA VILAS, Xosé (1985): *A prensa galega en Cuba*, Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- (1995): *A lingua galega en Cuba*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. de Lingüística.
- (1999): “Unha tocata necesaria”, en *A Gaita Gallega. Edición facsimilar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 17-18.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (2006): *Manuel Lugrís Freire. Vida e obra*. Vigo: Xerais, col. Letras Galegas.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América 1879-1936*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- PILLADO MAYOR, Francisco (1991): *O Teatro de Manuel Lugrís Freire*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- RABUNHAL CORGO, Henrique (1990): “Lugrís Freire na cultura galega”, en *Agália*, n.º 22, verán, pp. 196-202.
- (1992): “O teatro de Manuel Lugrís Freire”, en *Agália*, n.º 30, verán, pp. 310-311.
- (1994): *Textos e contextos do teatro galego. 1671-1936*. Santiago de Compostela: Laidvento, col. Ensaio.
- (2006): *Manuel Lugrís Freire*. Vigo: A Nosa Terra.

- RIVERA CASCUDO, Manuela (1991): “Lugrís Freire: ‘Umha pátria, um idioma’”, en *Agália*, n. 27, outono, pp. 373-377.
- TARRÍO VARELA, Anxo (1997): “A literatura galega na Galicia exterior”, en VV.AA., *Galicia terra única. A Galicia exterior*. Vigo: Xunta de Galicia, pp. 44-65.
- (1998): “A literatura galega hai cen anos”, en *Galicia nos tempos do 98*, pp. 107-119.
- S (uárez) P (icallo), R (amón) (1963): “Don Manuel Lugrís Freire”, *Lugo*, n.º 263, marzo.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (1997): *Teatro galego 1915-1931*. Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio.
- VILLARES, Ramón (1995): *A historia*. Vigo: Galaxia, col. Biblioteca da Cultura Galega, n.º 3.